

MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ALUMNOS DE SOCIOLOXÍA

Ref.: 20TX/mmo

Expt.: 2016/ NG21

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Universidade da Coruña (UDC) ten como principal obxectivo prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia e investigación. No seu ámbito, a Facultade de Socioloxía ten especial interese en potenciar as prácticas externas con valor académico tanto en entidades públicas como privadas para promover o coñecemento aplicado das técnicas e as metodoloxías desenvolvidas no campo profesional cara a unha futura inserción no mercado laboral.

Por outra banda, o Instituto Galego de Estatística (IGE) como órgano central do sistema estatístico da Administración autonómica adecúanse ás finalidades da UDC, xa que, entre os obxectivos organizativos e instrumentais da Lei 8/2011, do 9 de novembro, do Plan galego de estatística 2012-2016, figuran o de “Potenciar as relacións cos axentes locais e cos diferentes órganos, entidades e institucións nacionais e internacionais relacionados coa estatística, co finalidade de impulsar, intercambiar e aplicar coñecementos e prácticas” e o de “Sensibilizar á sociedade mediante servizos e actividades que potencien o coñecemento a través da estatística”. O IGE, a través do Programa Estatístico 2016, aprobado por Decreto 185/2015, do 23 de decembro, ten encomendada a actividade “AIE03 Accións que potencien o coñecemento a través da estatística”.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un convenio de colaboración entre ambas entidades, para proporcionar aos alumnos da Facultade de Socioloxía, a posibilidade de realizar prácticas tuteladas no IGE.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 198/2008, do 28 de agosto, polo que se regula a estrutura orgánico-funcional do IGE, asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.



- Que deberá solicitarse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda un informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración entre o IGE e a USC
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención Xeral ou delegada.
- Ao non ter orzamento económico, tampouco cómpre aplicar a instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se ditan instrucións para coordinar as achegas económicas da Xunta ás universidades galegas, relativo á solicitude de informe á Dirección Xeral de Universidades.
- Que é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2016

A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación

Visto e prace

A Secretaria xeral

Mónica Martínez Otero

Rosa E. Fernández González

